

## 11 de agosto

### 20:30h. Pregón das Festas Patronais

Na Casa do Concello de Monforte de Lemos. No acto terá lugar a presentación do libro "Palabras de festa: os pregóns das patronais 2003-2013", unha proposta do Concello de Monforte. D<sup>a</sup>. Manola Porto Arias lerá o pregón das Festas Patronais 2014

### 21:00h. Lanzamento do foguete

Anunciando o inicio das Festas dende o Campo de San Antonio

### 21:00h. Inauguración da iluminación artística

## 12 de agosto

### 12:00h. Grupo de Gaitas do Concello

*Pasarrúas*

Sairá dende a praza de San Antonio tocando alboradas de inicio da festa por diferentes rúas da cidade. Posteriormente ás 13:00h xuntaranse cos Cabezudos para o gozo dos máis pequenos

### 12:30h. Charanga Unión Monfortina

*Pasarrúas*

Dende a praza de Carude e ata o centro urbano animará este día de festa facendo un pasarrúas ata as 14:30 h.

### 13:00h. La Balfufa

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Na rúa do Cardeal a compañía francesa "La Balfufa" con Le Monsieur Bocamoll, Marcello inventor e Ursuso bravo piloto. Levaranos co seu Zeppelin á fabulosa época dos pioneiros aéreos de principios do século XX. O seu invento voador realizará un voo de exhibición por diferentes rúas do centro urbano.

### 20:30h. Charanga Unión Monfortina

*Pasarrúas*

Amenizará a tarde deste xornada festiva polo centro da cidade cun pasarrúas que comezará no Campo de San Antonio.

### 20:30h. La Balfufa

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

A Compañía "La Balfufa" sairá dende a rúa do Cardeal e realizará unha exhibición de voo por diferentes rúas da zona festiva co seu espectacular Zeppelin. Os tripulantes desta magnífica nave sucarán os ceos monfortinos, nada os botará para atrás, nin tormentas nin avarías impedirán a súa aventura aérea.

### 22:00h. Concertos e Verbana con SORAYA, OBK e ORQUESTRA AMÉRICA DE VIGO

Na Praza da Compañía

## 13 de agosto

### 12:00h. Grupo de Gaitas do Concello

*Pasarrúas*

Dende o barrio da Florida tocando alboradas de inicio da festa por diferentes rúas da cidade.

### 12:00h. DJ Capuzzi e A Señorita X

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Na rúa do Cardeal, DJ Capuzzi e a Señorita X a través do teatro físico, o clown e o circo garantirán risas e diversión para toda a familia. Complicadas rutinas de claqué, acrobacias disparatadas e a mellor música de todos os tempos. Todo isto aliñado con moito amor.

### 13:00h. Peter Punk

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

O clown, humorista e pallaso Peter Punk presenta o seu novo espectáculo no que reflicte a situación actual da cidadanía: PEOR IMPOSIBLE...ou case. Un cúmulo de fracasos, de números errados e desastres provocarán a hilaridade do público. Realizará a súa representación na rúa do Cardeal.

### 19:30h. DJ Capuzzi e A Señorita X

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Na rúa do Cardeal realizarán un espectáculo de malabares, claqué, acrobacias e moito humor. Esta parella chegada de Arxentina garantirá a diversión e o sorriso do público co seu show: Disco Delivery.

### 20:30h. Peter Punk

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Co seu humor descarado e fresco sen igual realizará un show realmente increíble e completo con música ao vivo, coreografías e cancións propias. Un espectáculo que mantén a pureza do humor como liña de traballo e que comezará na praza de España.

### 20:30h. Pandereteiras

*Pasarrúas*

A Asociación Cultural Amigos da Pandeireta de Monforte dende a praza dos Chaos amenizará a tarde deste xornada festiva polo centro da cidade.

### 23:00h. Boneca Lareta

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Na praza de España representará unha comedia a 12 cordas sobre o lado escuro da vida ... SEDE DE MAL. Humor, teatro, música ao vivo con blues e rock and roll "á galega". Unha comedia da vida, unhas ensinanzas evanxélicas, un "leitmotiv" para non ser un pinpínijj Ou queredes ser pinpíns???

### 23:00h. Verbena coas orquestras Los Satélites e Los Player's

Na Praza da Compañía

## 14 de agosto

### 12:00h. Grupo de Gaitas do Concello

*Pasarrúas*

Dende a praza dos Chaos tocando alboradas de inicio da festa por diferentes rúas da cidade.

### 12:00h. Circanelo

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Teatro xestual, danza e acrobacia; espontaneidade, sorpresa e diversión; entusiasmo, tenrura e enxeño. Unha personaxe clownesca que trata de presentar ao mundo, a toda costa e pase o que pase, o seu " gran show" de teatro físico, de danza e de novo circo. Na rúa do Cardeal.

### 12:00h. Banda de Música

*Pasarrúas*

A Banda de Música do Concello de Monforte xuntarase na praza da Estación e realizará un pasarrúas cara ao centro da cidade.

### 13:00h. Os Sete Magníficos + 1

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Na rúa do Cardeal faranos gozar dun espectáculo no que a parella de clowns. Pedro Brandariz e Fran Rei recrean números cómicos dispostos a presentar o seu abraiante número de circo cheo de risco e emoción: O Vaso da Morte.

### 18:00h. Os Sete Magníficos + 1

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Representarán diferentes números cómicos, cunha serie de personaxes estrambóticos e de situacións ridículas, na busca do sorriso do público.

### 20:30h. Circanelo

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Na praza de España acompañará ao público nunha viaxe polo mundo das emocións, do xogo e da improvisación. Haberá que estar atentos aos conflitos deste pallaso que non dubida en expoñerse para achegarse a grandes e a nenos.

### 20:30h. Merenzao

*Pasarrúas*

O Grupo monfortino de música tradicional xuntarase na praza de San Antonio e amenizará a tarde deste xornada festiva polas rúas da cidade.

### 22:00h. II Rock and Lemos Festival

Na praza da Compañía cos grupos LOS CORONAS, JOSÉ RUBIO'S NOVA ERA, DRINK HUNTERS, GUERRERA e DOC MAGOO'S.

### 23:00h. Banda de

Concerto da BANDA DE MÚSICA DO CONCELLO DE MONFORTE na praza de España.

## 15 de agosto

### 9:30h. Lanzamento de 21 bombas de palenque

Anunciando o día grande das Festas Patronais.

### 10:00h. Día da Patroa

Na praza de San Antonio xuntaranse todas as persoas que queiran participar na Homenaxe á Patroa do Val de Lemos, a Virxe de Monserrat. Dende alí acompañarán as autoridades, que previamente se terán reunido no Salón de Plenos do Concello. A comitiva sairá acompañada pola Banda de Gaitas do Concello de Monforte de Lemos. Todos eles farán a Ofrenda Floral á Virxe de Monserrat, Patroa da Cidade, na Igrexa de San Vicente do Pino.

### 11:00h. Misa e Ofrenda Floral

Misa na honra da Virxe de Monserrat cantada pola Coral Polifónica do Concello de Monforte de Lemos. Á saída actuará a Banda de Gaitas do Concello de Monforte de Lemos. O Alcalde, autoridades e asistentes ao acto farán a Ofrenda Floral.

### 11:00h. Alboradas con grupos de Gaiteiros

#### *Día do Gaiteiro*

Sairán dende a praza de España por diferentes rúas facendo alboradas e rematarán no centro ás 13:00h. Participantes: ÉRBEDO - Quinteto Monforte de Lemos O CEGO DA VENEIRA - Cantos de Cego A Pobra do Brollón MERENZA O - Quinteto Monforte de Lemos BRABÁN - Quinteto A Pobra do Brollón XOGRARES DE LEMOS - Grupo de gaitas Monforte de Lemos OS ALVARIÑOS - Quinteto Monforte de Lemos OS TEIXEIRAS - Grupo de gaitas Monforte de Lemos

### 12:30h. Banda de Gaitas do Concello de Monforte

#### *Día do Gaiteiro*

Banda de Gaitas do Concello de Monforte na rúa do Cardeal.

### 13:00h. Concentración dos Grupos Tradicionais

#### *Día do Gaiteiro*

Concentración dos grupos tradicionais no centro urbano de Monforte onde divulgarán as súas músicas ata as 15:00h

### 20:00h. Pasarrúas dos Grupos Tradicionais

#### *Día do Gaiteiro*

Dos grupos participantes na Mostra de Danza e Música Tradicional dende o campo da Compañía ata a praza de España

### **20:30h. Mostra de Danza e Música Tradicional**

#### *Día do Gaitero*

Na praza de España coa actuación de: O CEGO DA VENEIRA DA POBRA DO BROLLÓN GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO DE MONFORTE ESCOLA DE DANZA TRADICIONAL DO C. DE MONFORTE ASOC. CUL. AMIGOS DA PANDEIRETA DE MONFORTE

### **23:30h. Barcas Engalandas**

No malecón do río Cabe farase un percorrido de barcas tradicionais engalanadas. A actividade, a cargo da Club de Piragüismo Quixós, conta coa colaboración da Escola Municipal de Gaita e Percusión e da Asociación Cultural Amigos da Pandeireta de Monforte, e ten como fin a recuperación desta fermosa tradición local. Ao remate do paseo verase dende o río a tirada de fogos de aire.

### **00:00H Fogos Artificiais de aire**

Dende o monte de San Vicente sesión de fogos de artificio.

### **00:30h. Orquestra POCEIRO**

#### *Verbena*

Na praza da Compañía coa actuación da orquestra POCEIRO.

## **16 de agosto**

### **12:00h. Grupo de Gaitas do Concello**

#### *Pasarrúas*

Sairá dende a praza de Carude facendo alboradas de inicio da festa por diferentes rúas da cidade e logo ás 13:00 h xuntarase cos Cabezudos para o gozo dos máis pequenos.

### **12:00h. Títeres Alakran**

#### *II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Espectáculo de monicreques na rúa do Cardeal coa obra un Pequeño Kabaret de tolos, en que un presentador leva ás súas costas un cabaré ambulante no que cobrarán vida novamente grandes estrelas do mundo da música: Camarón de la Isla, Ella Fitzgerald, o gaitero Avelino Cachafeiro, ...

### **12:30h. Charanga Unión Monfortina**

#### *Pasarrúas*

Dende a Florida e polo centro urbano animando este día de festa fará un pasarrúas ata as 14:30h.

### **13:00h. The Chipolatas**

#### *II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Na rúa do Cardeal cunha compañía circense na que tres actores-músicos e pallasos ingleses custodian unha tradición en constante evolución, mestura do antigo e do novo. Para esta familia de artistas a viaxe non ten destino, a viaxe é unha celebración. The Chipolatas realizará

unha historia sen palabras, cunha sincronización impecable, actividade que reúne circo, teatro e música en vivo. Un terreo común onde se fai a maxia.

**19:30h. Títeres Alakran**

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Na rúa do Cardeal cunha representación de monicreques na liña dos espectáculos itinerantes de antes. Vivirase un gran musical de marionetas.

**20:30h. The Chipolatas**

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

A Música, o teatro, a danza e os xogos circenses fusionaranse na praza de España no espectáculo Gentleman of the Road. A mestura de acordeón e ritmos acústicos con Hip-Hop e StreetStyle crean unha atmosfera universal e cosmopolita.

**20:30h. Charanga Unión Monfortina**

*Pasarrúas*

Sairá da praza da Estación e amenizará a tarde deste xornada festiva polo centro da cidade.

**23:00h. Cinema: A Última viaxe do afiador**

*II Festival Cómico Festivo: A RÚA é VOSA*

Na praza de España a Boneca Lareta presenta a película de Aitor Rei. Unha longametraxe documental en homenaxe a tres séculos de historia da emigración galega. Aventuras e desventuras duns homes e dunhas mulleres en éxodo continuo polos cinco continentes. Nomeada a mellor película -documental en diferentes Festivais Internacionais de Cinema de México, Austria, Colombia, Italia. Finalista XII Premios Mestre Mateo (Galicia).

**00:00h. Orquestra RÍA DE AROSA**

*Verbena*

na praza da Compañía coa actuación da orquestra RÍA DE AROSA

## 17 de agosto

**12:00h. Carreira de Carrilanas Engalanadas**

A Asociación do Barrio do Hospital organizan unha Carreira non competitiva pola rúa Corredoira, dende a rampla da Circunvalación cara aos Abeledos.

**23:00h. Escola de Música ANTAS DE ULLA**

*Concerto*

ESCOLA DE MÚSICA DE ANTAS DE ULLA na praza de España.